

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/19	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	17 de xuño de 2021
<b>Duración</b>	Dende as 12:05 ata as 12:50 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Mónica González Conde
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

<b>ASISTENCIA A SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
<b>Excusas de asistencia presentadas:</b>		
52481441H	Manuel Cuiña Fernández	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 10.06.2021</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 10 de xuño de 2021.

**Expediente 1119/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Axuda de emerxencia Social.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada a 10 de xuño de 2021, por Dona W.M.C.A. de concesión dunha axuda de emerxencia social polo importe de 750€, para pago de tres mensualidades de aluguer pertencentes ós meses de marzo, abril e maio do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte aos gastos derivados de vivenda.

Visto que segundo informa a Traballadora Social Uxía Fernández Batán, a data 10 de xuño de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a W.M.C.A. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gasto polivalentes derivados do xusto de vivenda co fin de evitar o desafiuzamento e asegurar por tanto a cobertura das necesidades básicas da persoa.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe de prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que se efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1254/2019. Protección da Legalidade Urbanística - Reposición da legalidade urbanística - Fosa séptica Lamela**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Consta no expediente a notificación en data 03/07/2019 (RE 2724/19) da firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra, de data 11/09/2017, recorrida en Apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se condena ao Concello de Silleda a incoación do expediente de reposición a legalidade polas obras consistentes na construción dunha fosa séptica.

Segundo.- En data 13/12/2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda adoptou o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade polas obras de construción

dunha fosa séptica no lugar de Lamela, promovidas pola empresa Porta do Sol, SL.

Terceiro.- Constan informes emitidos polo técnico municipal tras a realización de visitas de inspección, a primeira o día 10 de febreiro 2020 estando o establecemento pechado e a segunda o día 12 de febreiro de 2020 “día no que os titulares da actividade (inquilinos) contactaron telefonicamente có propietario, que autorizou a visita ao interior. Nesta visita constatouse a ubicación sinalada do separador de graxas pero non foi posible medir a distancia do efluente da foxa séptica ao lindeiro, por encontrarse este soterrado. Aínda así, segundo informacións dos presentes, constatouse unha medición próxima aos 30 metros\*. Porén, sinalóuselle verbalmente a necesidade de descubrir a arqueta onde se produce o efluente de augas supostamente depuradas para facer unha nova medición inequívoca; quedando os inquilinos encargados de avisarme tan pronto fose posible levar a cabo dita medición. A día de hoxe non se recibiu comunicación algunha nese sentido pola súa parte”.

\*Entre ese punto e o límite da propiedade, na dirección que se atopa a propiedade demandante (r.c. 36052D505015710000XZ).

Cuarto.- En data 01/10/2020 o instrutor do expediente acordara a apertura do período de proba, polo prazo de 15 días hábiles, para a realización das medicións da arqueta final, da foxa séptica e dos condutos que da nomeada foxa saen.

Quinto.- En data 21/10/2020 o técnico municipal emite informe sobre o resultado da proba.

Sexto.- Presentado escrito de renuncia á instrución do expediente polo técnico municipal por Resolución de Alcaldía número 654/2020 de data 22 de outubro, noméase instrutora á secretaria do Concello.

Sétimo.- Rematada a instrución do presente procedemento, en data 02/11/2020, comunícaselles aos interesados a apertura do trámite de audiencia previa por un prazo de 15 días hábiles.

Oitavo.- Transcorrido o citado prazo constan presentadas os seguintes escritos:

- Escrito presentado por Antonio Villar Costoyas en representación de Porta do Sol de Lamela SL en data 23/11/2020 ( RE 1149/2020).

- Escrito presentado por José Carlos Palmou Cibeira, actuando en representación de Ramón Fernández Calvo, en data 24/11/2020 (RE 1151/2020).

Noveno.- Consta informe do técnico municipal ás alegacións presentadas de data 11/12/2020.

Décimo.- Consta informe-proposta de resolución de Secretaría número 41/2020 de 17 de decembro.

Décimo Primeiro.- Consta resolto o expediente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/12/2020, declarando legalizables as obras, notificándose en data 15/12/2020 a José Carlos Palmou Cibeira, como representante do denunciante, recibida o 29/12/2020 por Ubaldo Villar Costoyas.

Décimo Segundo.- En data 15/01/2021 (RE 26/2021) por José Carlos Palmou Cibeira, actuando en nome e representación de Ramón Fernández Calvo presentouse, recurso de reposición contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14/12/2020, relativo á resolución do expediente de reposición da legalidade número 1254/2020, polo que se declaran legalizables as obras de construción de fosa séptica.

Décimo Terceiro.- Conta no expediente informe proposta de resolución da Secretaría da Corporación nº 54 de data 11 de xuño de 2021, do que literalmente se transcriben os seus fundamentos de dereito servindo de motivación á presente Resolución:

*“FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*Primeiro.- O acto administrativo fronte o que se presenta o recurso de reposición obxecto deste informe é o que segue:*

*“ PRIMEIRO. - Requerir ao interesado para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude de licenza ou a comunicación previa correspondente, advertíndolle que no caso de denegarse a licenza ou no cumprir os requisitos legais para a eficacia da comunicación previa, acordarase a demolición do indebidamente construído.*

*SEGUNDO. Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos oportunos recursos administrativos.*

*TERCEIRO. Notificar ao Rexistro da Propiedade a Resolución, para que proceda a súa inscrición”.*

*Os actos administrativos que poden ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os houberse ditado son os que poñan fin a vía administrativa.*

*Este acto administrativo é un acto definitivo de conformidade co artigo 114 da Lei 39/2015, en canto a mención ao suposto de nulidade ou anulabilidade dos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015 non se observa ningunha referencia no texto do recurso.*

*O prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo segundo o disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, será dun mes no caso de que o acto fose expreso. O acto administrativo foi ditado o día 14/12/2020, notificado á interesada o día 15/12/2020 e o recurso presentouse no Rexistro do órgano competente o día 15/01/2021.*

*Do exposto cabe concluír que o RECURSO DEBE SER ADMITIDO A TRÁMITE.*

*Segundo.- A interesada impugna o acordo en base aos seguintes motivos:*

*1º.- Á falta de rigor do contido da acta de inspección de data 16/10/2021.*

*“Como xa se indicou no escrito de alegacións presentado o día 23 de novembro do pasado ano, esta parte ten que manifestar a súa disconformidade coa acta da visita de inspección de data 16*

*de outubro, na que se basea o acordo que agora recorremos para considerar as obras denunciadas como legalizables, y elo por canto resulta chamativo a súa total falta de rigor, toda vez que na mesma non consta nin a distancia exacta nin foto algunha dos puntos desde os que se realizaron as medicións, motivo polo cal, a falta de outro documento no expediente, non pode considerarse que se cumpran as distancias esixidas legalmente.*

*De feito, non se especifica cales son as “instalacións visibles”, nin se aporta nin unha soa fotografía do lugar, cando un mínimo rigor esixe un cumprimento reportaxe fotográfico, máxime tendo en conta o periplo xudicial seguido ata chegar a este punto.*

*Neste senso hai que ter en conta que na acta da visita de 12 de febreiro de 2020 se falta de que é necesario descubrir a arqueta onde se produce o efluente de augas supostamente depuradas, cando a realidade é que de dita arqueta saen tuberías que aínda continúan metros en dirección á propiedade e pozos do meu representado”.*

*O presente motivo de impugnación foi alegado no trámite de audiencia concedido ao interesado con carácter previo á resolución do expediente e resolto do seguinte xeito:*

*“O Plan Xeral do Concello de Silleda non regula as condicións de ubicación das fosas sépticas.*

*En ausencia da citada regulación e segundo o disposto no artigo 90 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, deberemos aplicar con carácter complementario o disposto no Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo.*

*Deste xeito, no apartado 4 do artigo 53 do PBA régúlase o seguinte:*

*“4. Os pozos de abastecemento de auga ás vivendas terán que estar distanciados de calquera fosa séptica, estercolero ou calquera foco contaminante, un mínimo de 20 metros, sen prexuízo da que derive da normativa sectorial de aplicación.*

*A fosa distará 3,00 metros, como mínimo, dos bordos de parcela e estará na parte máis baixa da mesma, sen prexuízo de onde resulte en virtude da vixente lexislación en materia de augas e deberán contar coa correspondente autorización do organismo sectorial competente”.*

*O informe emitido polo técnico municipal tras a visita realizada o día 16 de Outubro de 2020 precisa que estando as instalacións obxecto do expediente de reposición visibles apréciase que: “a distancia entre os puntos nos que se producen os efluentes ao terreo e o límite da parcela propiedade do demandante é superior a 30 metros.*

*Continúa no seu informe aclarando que a medición efectuada é perpendicular ao límite có predio propiedade do demandante, mentres que a situación do pozo de abastecemento do demandante, ben a protexer, non se encontra na mesma liña perpendicular, senón oblicua (a uns 34º daquela, aproximadamente), a distancia entre efluente e pozo, segundo ortofotografía e cartografía catastral superpostas (páxina 2 deste informe), a distancia entre o efluente e o pozo de abastecemento é de aproximadamente 40 metros, moi superior á establecida na normativa vixente. Por tanto, considérase que a fosa séptica é legalizable, salvo mellor criterio”.*

*A impugnación do presente acordo ten que fundamentarse nalgún dos supostos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, non constando referencia expresa en tal sentido. O interesado non fundamenta a súa impugnación na infracción de ningunha norma senón nunha apreciación subxectiva do que considera falta de rigor dun informe.*

*Alégase no recurso que a fosa séptica non é legalizable pero tal afirmación carece de argumentación xurídica algunha limitándose a concluír o seguinte:*

*“A efectos de xustificar a falta de rigor de dita acta acompañouse informe pericial emitido nos procedementos xudiciais que deron lugar a incoación do presente expediente reposición, do que resulta que non cabe informar que dita foxa sexa legalizable”.*

*Non identificando correctamente a que informe se refiren, enténdese por parte de quen subscribe que o informe mencionado é o elaborado polo técnico agrícola Ramón Brea Villaverde, e incorporado a este expediente no tramite de alegacións á proposta de resolución polo denunciante. Neste informe mídense as distancias desde a fosa séptica ao pozo filtrante de 15,70 metros, dende o pozo filtrante en linea recta ao linde da propiedade do denunciante de 14,30 metros e dende o pozo filtrante ao pozo de auga do denunciante de 28,60 metros.*

*Deste xeito, tanto se tomamos como referencia as distancias contidas no informe do técnico municipal como as distancias recollidas no informe pericial aportado por quen impugna a presente resolución pódese concluír o carácter legalizable da fosa ao cumprir en ámbolos dous casos as distancias mínimas esixidas no artigo 53 do Plan Básico Autonómico.*

*Do exposto, evidénciase que a falta de rigor alegada non está tanto no informe do técnico municipal como no recurso presentado.*

*2º.- Incorrecto funcionamento da fosa.*

*“Por outra banda, non consta que se teña feito comprobación algunha sobre os compoñentes de dita foxa e o seu funcionamento correcto, sendo que esta parte ten unha analítica, da que acompaña copia como documento nº 2, na que se recolle a existencia de bacterias coliformes nos seus pozos de auga para uso doméstico, sinal inequívoca de contaminación por augas procedentes de dita foxa.*

*Acompáñase tamén a resolución de Augas de Galicia recoñecendo o uso privativo de dito pozo polo señor Fernández Calvo, como documento nº 3”.*

*O segundo motivo de impugnación fai referencia ao incorrecto funcionamento da fosa séptica, mencionando que se achega como documento nº 2 unha analítica que acredita “a existencia de bacterias coliformes nos seus pozos de auga para uso doméstico, sinal inequívoca de contaminación por augas procedentes de dita foxa”.*

*Sen embargo, co recurso, que é unha copia case literal do escrito de alegacións presentado á proposta de resolución do expediente de reposición da legalidade, non se acompañan os documentos mencionados.*

*En calquera caso o correcto funcionamento da fosa séptica non é un motivo de impugnación dos recollidos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, polo que non será tido en conta na resolución do presente recurso.*

*Continúa dicindo o interesado “é por elo que non cabe en ningún caso a continuación do presente expediente sen que Augas de Galicia comprobe as instalacións e o estado das augas dos pozos, así como o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos”.*

*Ao respecto cabe dicir que a legalización ou non das obras obxecto do expediente de reposición da legalidade non terá lugar ata que non se obteña o correspondente título habilitante para o que será preciso obter con carácter previo a autorización de Augas de Galicia como se recolleu nos informes do técnico municipal emitidos durante a tramitación do expediente de reposición da legalidade. Segundo o artigo 381 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia os expedientes de reposición da legalidade rematarán coa adopción do acordo que proceda segundo se recolle no seu apartado 1º, entre os supostos enumerados neste apartado atópase a posibilidade de declarar legalizables as obras compatibles co ordenamento xurídico, como é o caso, debéndose requirir ao interesado que solicite a licenza ou presente a oportuna comunicación previa no prazo de tres meses. No caso de denegarse a licenza ou de non cumprirse os requisitos legais para a comunicación previa, como pode ser a obtención da autorización de Augas de Galicia, este Concello deberá ditar orde de demolición das obras, procedéndose a impedir os usos aos que houberse dado lugar.*

*Polo exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a desestimación do recurso de reposición presentado en data 15/01/2021 (RE 26/2021) por José Carlos Palmou Cibeira, actuando en nome e representación de Ramón Fernández Calvo contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14/12/2020, relativo á resolución do expediente de reposición da legalidade número 1254/2020, polo que se declaran legalizables as obras de construción de fosa séptica”.*

Do exposto, a Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, AADOPTOU OS SEGUINTES ACORDOS:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado en data 15/01/2021 (RE 26/2021) por José Carlos Palmou Cibeira, actuando en nome e representación de Ramón Fernández Calvo contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14/12/2020, relativo á resolución do expediente de reposición da legalidade número 1254/2020, polo que se declaran legalizables as obras de construción de fosa séptica.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento.

#### **Expediente 538/2017. Procedemento de Contratación - Mellora de accesos ao parque empresarial Area 33 - Devolución de Aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 24/09/2019 con RE 303 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía

definitiva constituída por Construcciones RAFER SL con C.I.F. B36052702 para responder do contrato de OBRAS denominado MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33 NO CONCELLO DE SILLEDA.

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos dende a acta de recepción da obra e que na oferta presentada polo adxudicatario no proceso de licitación mellora o mesmo no prazo dun ano.

Visto que en data 14/11/2017 o director da obra certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 13/11/2017, o prazo de garantía finalizou o día 13/11/2020.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que segundo o informe do técnico municipal Lino M. Doporto Framil e director da obra de data 15/06/2021 procede a devolución da garantía.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ADOPTOU OS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº: 8919/00428 de Banco Popular constituído por CONSTRUCCIONES RAFER SL en data 28/09/2017 por importe de 6.198,20 euros, en garantía do correcto cumprimento do contrato de MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33 NO CONCELLO DE SILLEDA.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

#### **Expediente 1197/2020. Contratacións - Mellora de vías municipais en Silleda (Plan Concellos 2020 Línea 1) - Aprobación certificación e factura**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía de data 10 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ADOTA OS SEGUINTE ACORDOS:

- Aprobación da Certificación número 1 da obra: MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLAN CONCELLOS 2020-2021 por un importe de 201.479,65.- €.

- Aprobación da Factura número 174 de data 04-06-2021 da obra: MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLAN CONCELLOS 2020-2021 por un importe de 201.479,65.- €.



**Expediente 1087/2021. Proposta de Gasto.Aprobación facturas xuño 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 185 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley reguladora das Facendas Locais, e demais normativa concordante,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, aprobou os gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Descrición	Nom terceiro	Núm. Documento	Importe
COTAS DE COOLER	ACQUAJET SEMAE, S. L.	1416395	21,78
Encargo de consultoría urbanística e asistencia té	ALFONSO BOTANA, S. L.	33	3.630,00
CONCERTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS QUINTETO DE VENTO	ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA	44287	200,00
10/05/2021 Tralado microbús CEIP Silleda - Casa da	AUTOCARES LAZARA, S.A.	53	110,00
TRASLADO EN TAXI SERVIZOS SOCIAIS	BENITO MOURIÑO ESPÍÑO	A:8	16,50
METACRILATOS CON VINILO VIVEIRO DE EMPRESAS	C&S DISEÑO Y PUBLICIDAD DEZA, S. L.	37	526,35
B) Total Large Black & White (112) 1165 1182 IR AD	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401739963	151,18
B) Total Large Black & White (112) 4276 4427 IMAGE	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401740047	379,47
Alquiler IMAGERUNNER ADVANCE C3525I MODEL XTV20606	CANON ESPAÑA, S. A. U.	842108365	595,44
Alquiler IR ADV C5550I MODEL XVC13391 *CONCELLO DE	CANON ESPAÑA, S. A. U.	842108364	224,39
B) Total Large Black & White (112) 1182 1196 IR AD	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401753001	233,14
B) Total Large Black & White (112) 4427 4549 IMAGE	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401753088	351,71
MONTAXE DE TRES JAIMAS. TRASDEZA PINTA O CAMIÑO	CARPAS DEZA ESPECTÁCULOS, S. L.	010/21	635,25
ALUGUER WC PARA ITV	CARPAS DEZA ESPECTÁCULOS, S. L.	009/21	726,00
PRODUCTOS DE LIMPEZA E ASEO	CODROGA, S.L.	10/58504	403,86
PRODUCTOS DE HIXIENE E LIMPEZA	CODROGA, S.L.	10/58899	459,52
SERVIZO DO PROGRAMA	COESCO, S. L. U.	52	4.033,80

LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA D			
SEGURO COMUNITARIO ANUAL	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO PROTE	70552	417,12
ARREGLO DE TELLADO ESCOLA DE MUSICA DE SILLEDA	CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S. L.	5	1.633,50
ELABORACIÓN DE PROYECTO TECNICO DE "DEMOLICIÓN PAR	CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES	8	1.210,00
Servidor para soportar la documentación y aplicaci	CONTALOCAL S.L.	1049	5.862,12
Webcam Conceptronic Urbanismo	CONTALOCAL S.L.	1059	75,02
REPARACIÓNS EDAR	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	A/33	2.090,88
TRABALLOS EN XARDÍNS	CRISTÓBAL PINEL BLÁZQUEZ	2021/3	2.365,55
MATERIAL ELECTRICIDADE	DIGAMEL S.A.	11210737	323,07
MATERIAL ELECTRICIDADE	DIGAMEL S.A.	11210835	53,24
MATERIAL ELECTRICIDADE	DIGAMEL S.A.	11210942	54,45
SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	DISTRIBUCIONES FROIZ, S. A. U.	233-1-05/6	43,67
SUMINISTROS SERVICIO DE AUGAS	DROGA CONDE, S. A.	212183	981,31
203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral control ho	ECOCOMPUTER, S. L.	2021/02/63	358,57
GRAVACIÓN E EMISIÓN STREAMING PARTIDOS BALONCESTO	EMILIO CLEMENTE GONZÁLEZ	44470	1.089,00
LIMPEZA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	ENAR REBECA VIVAS RAMÍREZ	A/144	544,50
TRABALLOS NA FERVENZA DO TOXA	ESPIÑO FORESTAL, S. L.	47	2.359,50
MATERIAL MANTEMENTO	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	305/21	255,52
MATERIAIS SERVIZO DE AUGAS	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	416/21	135,71
MATERIAL MANTEMENTO	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	165/21	94,00
MATERIAL MANTEMENTO	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	417/21	704,69
SUB. ANIMALES CATEGORIA 2:	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S. L.	376	82,28
TRABALLOS CON GRÚA	GRUAS SILLEDA S.L.	F/0052	193,60
PROGRAMA XEL COA MOCIDADE. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTI	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202136	251,08

TRABALLOS DE DESBROCE E XARDÍNS	JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	2021-03	2.032,80
App Bandomovil + Servicio Anual	LEMUR IDEAS, S. L.	435	350,90
DIARIO DE PONTEVEDRA ED. 1 DEL 18/05/21 AL 17/05/2	LEREZ EDICIONES, S. L.	670	333,61
CURSO DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA	LIDIA FUERTE CASAL	43/2021	786,50
POR ADMINISTRACION	LIMPIEZAS FARO, S. L.	211887	203,64
REPARACIÓN ELÉCTRICAS	LUIS MANUEL TABOADA COEGO	172021	278,17
LIMPEZA INSTALACIÓN DEPORTIVAS	MANUEL ÁNGEL MATO LUACES. LIDESIL	593	863,94
PUBLICIDADE EL PERIÓDICO ABRIL	MANUEL NÚÑEZ FIUZA	0196-21	363,00
ZAHORRA ANF. POR N/C A PONTE	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	98	2.918,18
MANTEMENTO VEHÍCULOS	NEUMATICOS TATO S.L.	1125	30,25
T - Concierto Anual de Prevencion de Riesgos Labor	NORPREVENCIÓN, S.L.	26061	490,35
servicios médicos Obradoiro Silleda temporada 2020/	OBRADOIRO CAB	2	605,00
CALCULADORA SOBREMESA CASIO 8 DIGITOS MS-80 E/VER	OFIREYCO, S. L.	994	13,61
DESPLAZAMIENTO	OYS FERNÁNDEZ, S. L. U.	1:A:21/316	1.550,45
DÍAS DE TRABAJO EN ESTUDIO PARA RODRIGO RAMOS	PLANTA SÓNICA, S. L.	A/21134	1.815,00
ACTIVIDADES DE CONTACTOS ILUSTRADOS ADICADO A XE	POLO CORREO DO VENTO, S. C.	37	698,60
MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	5,6262E+15	2.975,24
MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	5,6262E+15	1.719,66
PAPEL HIG. TIPO Z ECO 8035 C-8000 CAJA	PROINDEX, S. L.	2713	657,18
GEL EN ESPUMA USO GENERAL 1 L. 6340 C/6 caja	PROINDEX, S. L.	2714	152,40
AD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasis	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	21FNX0074563	244,36
TAD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasi	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	21FNX0088555	239,28
VALORACIÓN DE OFERTAS TÉCNICAS PRESENTADAS POR LOS	ROMÁN GÓMEZ FRAIZ	1	363,00
ALARMA GALIÑA AZUL	SEGURIDAD JAPÓN, S. L.	22829	223,85

MATERIAL E TRABALLOS DE ENCADERNACIÓN	SILVIA LÓPEZ ROMERO	102	44,80
MATERIAL SUMINISTRADO	SILVIA LÓPEZ ROMERO	81	30,80
MATERIAIS OBRADOIROS SERVIZOS SOCIAIS	SILVIA LÓPEZ ROMERO	115	137,35
CINTA DE EMBALAR	SILVIA LÓPEZ ROMERO	133	10,80
Carta(l) 0 - 20 gr N FRANCIA	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	4003134039	477,18
Tratamento RU Mes Abril 2021	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2021/1124	16.643,00
INTERESES MAIO	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2021/1227	18,82
Tratamento RU Mes Maio 2021	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2021/1468	16.852,00
Servicio de recogida y transporte de residuo de pl	SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE	21150	2.952,84
PINZA DE AMARRE DN-123	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S-A- U-	F06000R-27683	68,20
MATERIAL OBRAS	SUCESORES COUTO, S. L.	A/3275	116,58
REPARACIÓN MAQUINARIA	TALLER OTERO, S. C.	74	803,10
REPARACIÓN MAQUINARIA	TALLER OTERO, S. C.	88	1.892,97
REPARACIÓN DE VEHÍCULOS	TALLERES CARBON, S.L.	20210A000201	2.136,62
ENMARCACIÓN FOTOGRAFÍAS	TANIA CUIÑA GÓMEZ	44409	160,93
09/04/21 CAMBIO CISTERNA 12 M3	TOCA SALGADO, S. L.	288	3.040,84
05/05/21 CAMBIO CISTERNA 12 M3	TOCA SALGADO, S. L.	358	3.466,21
SUMINISTROS CANGURAXE	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	5000019	47,72
SUMINISTROS SERVICIOS SOCIAIS	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	5000018	224,92
Amortización de P6 a P1 Guardería Mantenimiento Gua	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	FVR202118009628	222,17
<b>TOTAL</b>			<b>103.133,59</b>

#### Expediente 1127/2021. Omisión da Función Interventora - 06-21 omisión Xuño

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLED A, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co

#### Concello de Silleda

establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Descrición	Nom terceiro	Núm. Documento	Importe
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 3	396,96
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 8	79,24
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 7	114,05
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 4	72,02
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 5	403,11
Consumo	CHC ENERGIA, S. A.	1CSN21050000096 6	182,77
Importe por peaxe de acceso	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	ABRIL 2021	3.468,36
Importe por peaxe de acceso	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	MAIO 2021	3.614,50
Mantenimiento informatico, contable y web mayo	CONTALOCAL S.L.	1057	815,38
COMBUSTIBLE SERVICIO DE AUGAS	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDAS	2100259	229,98
COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDAS	2100242	4.766,33
GAS ANTIGA ESCOLA DE MÚSICA	GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	P12104900036981 7	8,51
Kg Pellets de madeira a Granel de 6mm	GESTCALOR, S. L.	858	673,24
Saco de Pellets de 15Kg. PREMIUM	GESTCALOR, S. L.	862	330,33
Kg Pellets de madeira a Granel de 6mm	GESTCALOR, S. L.	881	622,91
FACTURACIÓN MARZO- ABRIL	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDAS COMERCIALIZADORA, S. L.	MARZO-ABRIL 2021	59.616,88

FACTURA ELECTRICIDADE ETAP SILLEDA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021011098	118,17
FACTURA ELECTRICIDADE CLORADOR SIADOR	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021010978	21,56
FRA. BOMBEO RÍO TOXA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021011616	202,82
FACTURA ELECTRICIDADE ETAP BANDEIRA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021011599	138,63
FACTUA ELECTRICIDADE ETAP BANDEIRA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021005995	143,59
FACTURA ELECTRICIDADE BOMBEO RÍO TOXA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	F2021006134	209,58
SEGUROS AXA -POLIZA 44304189 - MATRICULA 6376-CYP	PARQUE 7, S. L.	2	257,30
20554793 plan internet 10GB	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469859	119,26
986585550 llamadas Galicia	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469872	50,89
986585838 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469874	61,94
986580064 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469868	68,97
986581028 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469826	116,16
986581701 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469866	91,48
986580000 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469763	774,01
20345077 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469850	261,51
20355572 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000469689	103,24
IG0055175660 equipamiento red de calor	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000465705	242,00
20832519 cable 200 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000473622	59,29
20355572 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478929	103,24
986585550 llamadas Galicia	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478975	48,18
986585838 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478977	61,71
986581701 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478969	90,75
986580064 solución empresa NOBA	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478970	72,60

### Concello de Silleda

986580000 solución empresa NOBA	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478853	805,76
986581028 solución empresa NOBA	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478931	123,08
20345077 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478961	236,51
20554793 plan internet 10GB	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000478967	119,26
IG0055175660 equipamiento red de calor	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000474738	242,00
cable 350 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000483268	66,55
Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 98652844	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	TA6NF0023681	181,11
Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N° de	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-F1M0-104035	25,41
Movistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-F1M0-041577	48,40
Movistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-F1M0-000279	957,85
Movistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-F1M0-166823	15,88
Energía consumida P1	THE YELLOW ENERGY, S. L. U.	YE2104EL00000296	865,17
Energía consumida P1	THE YELLOW ENERGY, S. L. U.	YE2106EL00011732	966,67
Factura emitida polos servicios de recollida e tra	URBASER, S. A.	1000338V2100012	15.748,24
Factura emitida polos servicios de recollida a do	URBASER, S. A.	1000338V2100014	1.375,00
Factura emitida polos servicios de recollida no PU	URBASER, S. A.	1000338V2100015	261,25
Servizo de atención ao público no Mosteiro de Carb	XESÚS BORRAGEROS LÓPEZ	44531	1.663,75
			102.513,34

Visto o informe de intervención nº 36 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acordou:

Único.- Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

**Expediente 1078/2021. Contratacións.****Favorable****Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 1078/2021**

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 17 de xuño de 2021.

Vista a resolución de concesión de subvención concedida pola Dirección Xeral de Administración Local por importe de 28.913,85 euros ao abeiro e de conformidade co establecido na Orde de 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15, do 25 de xaneiro). Liña en concorrencia non competitiva (artigo 3.1,a).

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo DAVID CERDEIRA CANICOBA denominado: "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARO" por importe de 39.699,24 € euros máis 8.336,84 € euros de IVE (total 48.036,08 euros).

Visto que o mesmo xustifica a necesidade da presente actuación debido ao estado no que se atopan as instalacións actuais:

Actualmente a iluminación pública do campo de fútbol de Laro do municipio de Silleda, que xa data de bastantes anos atrás, ten toda unha serie de carencias e deficiencias, tales como:

- Deficiente grao lumínico e deficiente uniformidade lumínica, o que impide a correcta práctica deportiva, tanto a nivel de adestramento como de competición.
- Non cumprimento da actual normativa de referencia

Ao obxecto de dar cumprimento ao establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de



novembro, de Contratos do Sector Público, e á vista de todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro: Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra de “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARO” a adxudicar por procedemento aberto simplificado abreviado.

Segundo.- Incorporar certificado de existencia de crédito.

Terceiro.- Que se proceda á redacción dos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinto. - Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexto.- Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación e dispoñer a apertura da licitación ao órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Non se poderá aprobar o expediente mentres non conste a aprobación pola Xunta de Goberno Local e a incorporación a este expediente do proxecto de execución, xunto coa acta de replánteo previo.

#### **Expediente 946/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 946/2021**

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar

aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 17 de xuño de 2021.

Visto a proposta acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 3 de xuño do presente ano 2021, pola que se aproba a axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes derivados do xusto de vivenda co fin de evitar o desafiuzamento da persoa interesada M.C.N.V., ao abeiro das bases reguladoras para o financiamento e prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no BOP número 10 con data 18 de xaneiro de 2021 e a Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Advertíndose que na conta aprobada na devandita Xunta de Goberno respecto da axuda solicitada para a interesada, establecíase un total de 663,55 € dirixido a sufragar o pago de tres mensualidades de aluguer pertencentes aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021, exposto no parágrafo primeiro da solicitude presentada á XGL. Así, e percibido este erro de transcripción, cabe a corrección da cantidade económica, pasando esta a ser 600,00 €, tendo sido informada previamente a persoa usuaria de non ser procedente a tramitación da axuda de emerxencia social para o pagamento da factura de luz, por non axustarse aos requisitos establecidos nas bases reguladoras das axudas de emerxencia social do Concello de Silleda.

En aplicación do artigo 106 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “As Administracións Públicas poderán asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, a adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Rectificar o erro material observado no parágrafo primeiro dos antecedentes do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/06/2021, quedando redactado do seguinte xeito:

“Vista a solicitude presentada a 18 de maio de 2021, por Dona M.C.N.V. de concesión de unha axuda de emerxencia social polo importe de 600,00€, para o pago de tres mensualidades de aluguer pertencentes ós meses de febreiro, marzo e abril do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte aos gastos derivados de vivenda”.

Segundo.- Incorporar esta rectificación as certificacións que sexan emitidas do acordo inicial adoptado, facendo referencia expresa ao presente de acordo de rectificación de erros.

Terceiro.- Notificar ao interesado a adopción do presente acordo.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**Concello de Silleda**

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**